

Bases para o concurso de  
cuartetos tradicionais  
"XXV Aniversario da A. C. A Mámooa"

- 1.- Poderán participar cuartetos tradicionais, compostos unicamente por:
  - Dúas gaitas, tamboril e bombo (quedarán excluídas gaitas marciais e percusións con parche de plástico)Todos os grupos participantes deberán ir vestidos co traxe tradicional, que non deberán quitarse ata o final do concurso.  
Queda prohibido que os participantes concursen con máis dun grupo.
- 2.- Establécese unha única categoría sen límite de idade.
- 3.- As pezas a interpretar poderán ser Tradicionais ou de Autor, sempre que sexan galegas.
- 4.- O Xurado valorará os seguintes puntos:
  - Afinación, percusión, dificultade das pezas, interpretación e estética.O Xurado será seleccionado pola Organización e o seu fallo será inapelable.
- 5.- O Concurso celebrarase o día 21 de Outubro de 2007 no Local Social de Luou, Teo.  
Admitirase un número máximo de 20 grupos, que serán seleccionados por rigorosa orde de inscrición.  
O Concurso terá unha fase previa, na que os participantes interpretarán unha peza de libre elección (3), cun tempo máximo de 5 minutos de duración.  
A fase previa terá lugar ás 12 do mediodía, e unha vez rematada, o Xurado seleccionará 8 grupos que pasarán á fase final.  
A fase previa non se celebrará senón se supera o número de 12 grupos inscritos.  
A fase final comezará ás 18 horas. Os grupos finalistas interpretarán dúas pezas cun tempo máximo de 8 minutos e un mínimo de 5, incluído o tempo entre elas.  
A orde de actuación nas dúas fases determinarase mediante sorteo previo realizado pola organización.
- 6.- A data tope de inscrición será o día 15 de Outubro de 2007.

A folia de inscrición debidamente cuberta, deberá ser enviada á seguinte dirección postal:

A. C. A Mámooa  
"Concurso de Música Tradicional"  
A Igrexa s/n - Luou  
15883 - Teo

Tamén poderán ser enviadas por e-mail a:  
acamamooa@gmail.com  
As bases e fichas de inscrición poderán ser descargadas dende:  
<http://acamamooa.atwebpages.com>  
<http://www.myspace.com/acamamooa>

- 7.- A Organización comunicarlle por teléfono a súa inclusión no concurso aos 20 grupos seleccionados
- 8.- A Organización establece 3 premios:  
1º Premio - 1.000 € + Agasallo conmemorativo  
2º Premio - 600 € + Agasallo conmemorativo  
3º Premio - 400 € + Agasallo conmemorativo
- 9.- Aqueles casos non contemplados nestas bases serán decididos polo Xurado, e a súa decisión será inapelable.
- 10.- O grupo gañador do concurso repetirá unha das pezas da final, dándose así por rematado o concurso.
- 11.- A inscrición no concurso implica a total aceptación destas bases.

Observacións

- Os grupos participantes deberán presentarse no Local Social de Luou 1 hora antes do comezo de cada unha das fases.

- A Organización resérvase os dereitos de gravación de todos os temas interpretados no concurso.

Contacto:  
acamamooa@gmail.com  
acamamooa@hotmail.com  
<http://acamamooa.atwebpages.com>  
<http://www.myspace.com/acamamooa>  
Telf.: 657 247 504 (Xandre)  
609 666 805 (Miguel)